

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 - 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPONSTAS".
 - 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
 - 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 - 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPONSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 - 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPONSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPONSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Sinale a opción incorrecta, segundo o definido no Estatuto de Autonomía de Galicia, respecto da Xunta de Galicia:

- A) a Xunta poderá interpor recursos de inconstitucionalidade
- B) a Xunta responde politicamente ante o Parlamento de forma solidaria
- C) a Xunta de Galicia sempre está composta exclusivamente polo Presidente e os Conselleiros
- D) a Xunta cesa trala celebración de eleccións ao Parlamento Galego

2. Dacordo ao establecido no Decreto 206/2005, de provisión de plazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, con respecto ao sistema de selección concurso-oposición, sinale a resposta correcta:

- A) a puntuación máxima da fase de concurso non poderá exceder do sesenta por cento da puntuación máxima acadable no proceso selectivo
- B) a puntuación acadada na fase de concurso poderá ser aplicada para superar a fase de oposición
- C) só poderá acceder por este sistema persoal estatutario que estea ou teña estado vinculado nalgún momento no Servizo Galego de Saúde
- D) consiste na realización sucesiva, e na orde que a convocatoria determine, dos dous sistemas (concurso e oposición)

3. Atendendo ao establecido no artigo 10 da Constitución Española, sinale cal dos seguintes ítems non constitúe un fundamento da orde política e da paz social:

- A) o dereito á protección da saúde
- B) a dignidade da persoa
- C) o libre desenvolvemento da persoalidade
- D) o respecto á lei e aos dereitos dos demais

4. Segundo o artigo 67 da Lei de Saúde de Galicia, a ordeación territorial do sistema público de saúde de Galicia será:

- A) en áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas básicas de sanidade
- B) en áreas sanitarias, zonas sanitarias e zonas básicas de saúde
- C) en zonas básicas sanitarias e distritos sanitarios
- D) en áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias

5. Sinale a resposta incorrecta, dacordo co establecido no artigo 69 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade:

- A) todos os hospitais deberán posibilitar ou facilitar ás unidades de control de calidade externo o cumprimento dos seus cometidos
- B) os médicos e demais profesionais titulados do centro non participarán nos órganos encargados da avaliación da calidade asistencial do mesmo
- C) nos servizos sanitarios públicos tenderase cara a autonomía e control democrático da súa xestión, implantando unha dirección participativa por obxectivos
- D) a avaliación da calidade da asistencia prestada deberá ser un proceso continuado que informará todas as actividades do persoal de saúde e dos servizos sanitarios do Sistema Nacional de Saúde

6. Segundo o establecido no Estatuto Marco, o incumprimento dos prazos ou outras disposicións de procedemento en materia de incompatibilidades, cando non supoña o mantemento dunha situación de incompatibilidade, tipifícase como:

- A) falta moi grave
- B) falta grave
- C) falta leve
- D) non se tipifica como falta

7. Segundo o artigo 67 do Estatuto Marco do persoal estatutario, para acceder á situación de excedencia voluntaria, é preciso ter prestado servizos efectivos en calquera das Administracións Públicas durante:

- A) os 2 anos inmediatamente anteriores
- B) os 3 anos inmediatamente anteriores
- C) os 5 anos inmediatamente anteriores
- D) os 10 anos inmediatamente anteriores

8. Segundo o establecido na Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais, respecto da información médica de carácter persoal non é correcto:

- A) limitarase ao persoal médico a ás autoridades sanitarias que leven a cabo a vixilancia da saúde dos traballadores
- B) en ningún caso poderá facilitarse ao empresario
- C) o empresario e as persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención serán informados das súas conclusións que se deriven dos recoñecementos efectuados
- D) as medidas de vixilancia e control da saúde dos traballadores levaranse a cabo por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada

9. Respecto do regulado no Decreto 70/2017, de 13 de xullo, polo que se regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, non é certo que:

- A) establece tres niveis de coñecemento en materia de igualdade de xénero e prevención e loita contra a violencia de xénero: básico, medio e superior
- B) establece que a formación do nivel básico debe ter unha duración mínima de 40 horas, a do nivel medio, 300 e a da superior, 600
- C) toda persoa que acceda á condición de persoal fixo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través dun proceso selectivo, terá que realizar con carácter obrigatorio e nun prazo non superior aos seis meses, as actividades formativas para a obtención do nivel básico
- D) crease unha comisión de seguimento que ten como obxecto o seguimento da aplicación e desenvolvemento práctico do decreto

10. Segundo o establecido no Decreto 206/2005, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, respecto da selección de persoal fixo, sinala a resposta incorrecta:

- A) a selección efectuarase con carácter xeral polo procedimientto de concurso-oposición
- B) a selección poderá realizarse a través do sistema de oposicion cando este resulte máis adecuado en función das características socio-profesionais do colectivo que poida acceder ás probas ou das funcións que estea chamado a desenvolver
- C) en cada convocatoria reservárase un número de prazas que representen como mínimo un dez por cento, en número enteiro, das prazas convocadas, ou a porcentaxe que se atope vixente con carácter xeral para a función pública de Galicia, para ser cubertas entre persoas con discapacidade de grao igual ou superior ao 33 por cento, de modo que progresivamente se acade o cinco por cento dos efectivos do Servizo Galego de Saúde
- D) no suposto de que algún aspirante da cota de reserva por discapacidade supere as probas correspondentes e non obtivera praza, e a súa puntuación definitiva no proceso sexa superior á obtida por outros aspirantes do sistema de acceso xeral, será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral

Preguntas de reserva

1. No artigo 43 da Constitución Española recóllese o dereito á protección da saúde, enmarcado dentro dos principios reitores da política social e económica. O recoñecemento, respecto e protección deste principio garantírase, segundo o artigo 53.3, da seguinte forma:

- A) vincula a todos os poderes públicos
- B) informará a lexislación positiva, a práctica xudicial e a actuación dos poderes públicos
- C) só se poderá regular por lei o seu exercicio
- D) este dereito tutelarase dacordo co recurso de inconstitucionalidade ante o Tribunal Constitucional

2. Que complemento retribúe o especial rendemento, o interese ou a iniciativa do titular do posto, así como a súa participación en programas ou actuacións concretas e a contribución do persoal á consecución dos obxectivos programados, previa avaliación dos resultados acadados?

- A) o complemento de destino
- B) o complemento de produtividade
- C) o complemento de carreira
- D) o complemento específico